# Colección: Otero Pedrayo con Antonio Fraguas

## Ficha documental da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Antonio Fraguas do 21/07/1944

**Colección:**
**Data:** 21/07/1944
**De:**
Ramón Otero Pedrayo;
**Para:**
Antonio Fraguas;
**Ficha descriptiva:**
Carta manuscrita
**Localización física:**Fundacion Fraguas. Museo do Pobo Galego
**Temáticas:**
Certame literario;
**Notas do editor:**
Nesta carta a alusión ao certame literario conxeturamos que se poida referir aos Xogos florais.

Trasalba 21 do Sant-Iago do 1944.

Sr. D. Antonio Fráguas en Compostela

Meu querido amigo: O Gelmirez nin vái pol'a Ulla nin anda dende Castrelo de Miño ao S. Estebo e d'eiquí pol'os Tres Ríos a Amoeiro. Pasóu o seguinte. Nos dous ou tres días de publicada a convocatoria que Vde me mandóu no "Correo Gallego" saíu no "Pueblo Gallego" ou n'a "Región" de Ourense, que me non lembro ben, unha nota que que se suspendía o concurso pra o mes de Sep. ao fin de celebrare a Festa no outono, que se trataba de aumentar os premios, se nomeaban xurados a os Sres que Vde di e ademais a Carreta, Sanchez Rivera e algún outro, e se anunciaban mais aclaramentos. Pol'o que eu que me puxera a traballar n'unha cousa moi sintética e con prisa, comecei a tomá-lo con mais folgos, leendo adispaciño e collendo notas. As veces pensaba si sería a valente a primeira convocatoria, como ao remate resultóu ¡ que se lle vái facer!. O traballo non se perde.

VER O DOCUMENTO ORIXINAL

---

Este epistolario procede dos
**Fondos da Fundación Otero Pedrayo**

FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO

**Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*
*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*
*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

***Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":***
*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio subscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*
*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

**Consultas e colaboracións:**
Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.